

**CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE
COMPLUTENSE DE MADRID E A FUNDACIÓN CENTRO TECNOLÓXICO DA
CARNE**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O Xefe de Administración da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne (CETECA),
DECLARA:

Que esta Fundación formalizou, coa Universidade Complutense de Madrid (UCM), o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 10 de novembro do 2016 ata o 9 de novembro do 2020 (4 anos).

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións en que os estudantes da UCM realizarán un programa de prácticas académicas externas, así como o Traballo de Fin de Grao/ Máster de calquera ensino impartido pola UCM, tanto oficial como propio, segundo as condicións particulares de cada modalidade establecidas no correspondente programa formativo, na Fundación Centro Tecnolóxico da Carne.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

- Que a UCM ten entre os seus fins o achegar a formación universitaria á realidade social e profesional da nosa contorna, mediante o establecemento de relacións con institucións externas, que permitan completar o proceso formativo cunha posta en práctica dos coñecementos teóricos adquiridos.
- Que Fundación Centro Tecnolóxico da Carne ten como fins a I+D+i no sector Agroalimentario. Segundo o artigo 4 dos seus estatutos, o obxecto fundamental da Fundación Centro Tecnolóxico da Carne é contribuír ao desenvolvemento tecnolóxico das empresas galegas relacionadas co sector cárnico, en todos os



ámbitos de actividade e todas as cabanas existentes e en particular fomentar a investigación e o desenvolvemento na materia cárnica, mellorar as técnicas de xestión produtiva, coordinar a correcta utilización de todos os medios tecnolóxicos existentes en Galicia, asistir o sector nos procesos de adaptación lexislativa e atender a formación profesional dos recursos humanos. O CETECA ten interese na cooperación educativa coa Universidade para contribuír á formación integral dos estudantes complementando a súa aprendizaxe teórica e práctica, para facilitar o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que os estudantes terán que operar, para favorecer o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas, para favorecer unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura e para favorecer os valores de innovación, a creatividade e o emprendemento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en San Cibrao das Viñas, a 31 de xaneiro de 2018.